



SEGUNDA PROBA

CUESTIONARIO TEST

**PROCESO SELECTIVO UNITARIO PARA
POSTOS DE AUXILIARES DE POLICÍA
LOCAL**

(DOG 65, 4 abril 2018)

Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP)

Data: 26 de maio de 2018



1.- O vixente texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria foi aprobado por:

- a) A Lei Orgánica 4/2015, do 30 de marzo, de protección da seguridade cidadá.
- b) A Lei Orgánica 2/1986, do 13 marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade.
- c) A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia.
- d) O Real Decreto Legislativo 6/2015, do 30 de outubro.

2.- Cal dos seguintes regulamentos NON desenvolve o texto refundido da Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria?:

- a) Regulamento Xeral de Medidas Especiais de Regulación do Tráfico.
- b) Regulamento Xeral de Circulación.
- c) Regulamento Xeral de Condutores.
- d) Regulamento Xeral de Vehículos.

3.- A quen lle corresponde a realización das probas para determinar o grao de intoxicación alcohólica, ou por drogas, dos condutores que circulen polas vías urbanas?:

- a) Á Policía Militar.
- b) Á Policía Autonómica.
- c) Á Policía Local.
- d) Ao Corpo Nacional de Policía.

4.- Cal dos seguintes vehículos NON ten a consideración de vehículo de motor?:

- a) A motocicleta.
- b) O ciclomotor.
- c) O turismo.
- d) O camiión.



5.- O condutor está obrigado a advertir ao resto dos usuarios da vía acerca das manobras que vaia efectuar co seu vehículo. Como norma xeral, as devanditas advertencias faranse utilizando:

- a) Sinais acústicos.
- b) A sinalización luminosa do vehículo ou, na súa falta, co brazo.
- c) A sinalización luminosa do vehículo ou sinais acústicos, indistintamente.
- d) Exclusivamente a sinalización luminosa do vehículo.

6.- Como se define a beirarrúa?:

- a) Parte da estrada dedicada á circulación de vehículos.
- b) Zona lonxitudinal da estrada elevada ou non, destinada ao tránsito de peóns.
- c) Banda lonxitudinal en que pode estar subdividida a calzada.
- d) Franxa lonxitudinal afirmada contigua á calzada, non destinada ao uso de vehículos automóbiles máis que en circunstancias excepcionais.

7.- Que é unha estrada convencional?:

- a) Calquera vía reservada exclusivamente á circulación de automóbiles.
- b) Aquela estrada que non reúne as características propias das autoestradas, autovías e vías para automóbiles.
- c) Aquela estrada que discorre por poboado.
- d) Aquela estrada que non discorre por poboado.

8.- Que se entende por vía urbana?:

- a) A vía pública situada fóra de poboado.
- b) O tramo de estrada que discorre entre poboados.
- c) A vía pública que discorre por solo urbanizado.
- d) A vía pública situada dentro de poboado, excluindo as travesías.

9.- A inmovilización dun vehículo que NON se atopa en situación de detención ou parada denomínase:

- a) Inmovilización.
- b) Detención.
- c) Estacionamento.
- d) Parada.



10.- Por cal das partes da vía circulará o condutor dun automóbil que non se atope en situación de urxencia e non conduza un vehículo para persoas con mobilidade reducida nin un vehículo especial?:

- a) Pola parte da vía que mellor lle conveña.
- b) Pola plataforma.
- c) Pola calzada.
- d) Pola beiravía.

11.- Por onde se levará a cabo a circulación dos peóns fóra de poboado, e en tramos de poboado incluídos no desenvolvemento dunha estrada que non dispoñan de espazo especialmente reservado para eles?:

- a) Sempre que sexa posible, pola esquerda.
- b) Sempre que sexa posible, pola dereita.
- c) Indistintamente pola esquerda ou pola dereita.
- d) Está prohibida a circulación de peóns fóra de poboado.

12.- Segundo o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, en defecto de sinalización específica:

- a) Poderase pasar en 20 km/h a velocidade fixada como máxima para cada vía.
- b) Haberá que circular a 20 km/h menos da velocidade fixada como máxima para cada vía.
- c) Cumprirase a velocidade xenérica establecida para cada vía.
- d) Poderase circular á velocidade que o condutor considere conveniente, atendendo ás características e ao estado da vía.

13.- Cal é a velocidade máxima que non poden pasar nas vías urbanas e travesías os vehículos que transporten mercancías perigosas?:

- a) 20 km/h.
- b) 40 km/h.
- c) 80 km/h.
- d) 100 km/h.



14.- Cal é a velocidade máxima que non poden pasar con carácter xeral nas vías urbanas e travesías os vehículos que NON transporten mercancías perigosas?:

- a) 30 km/h.
- b) 50 km/h.
- c) 80 km/h.
- d) 100 km/h.

15.- Nas glorietas teñen preferencia de paso:

- a) Os vehículos que se aproximen pola dereita.
- b) Os vehículos que se aproximen pola esquerda.
- c) Os vehículos que se atopen dentro da glorieta sobre os que pretendan acceder a ela.
- d) Os vehículos que pretendan acceder á glorieta sobre os que se atopen dentro dela.

16.- Quen ten preferencia de paso nos tramos da vía nos que, pola súa escasa anchura, sexa imposible ou moi difícil o paso simultáneo de dous vehículos que circulen en sentido contrario, cando non haxa sinalización expresa para o efecto?:

- a) O vehículo que entre primeiro.
- b) Os camións.
- c) Os turismos.
- d) As bicicletas.

17.- O condutor dun vehículo que vai ser adiantado:

- a) Está obrigado a diminuír a velocidade do seu vehículo en canto advirte a manobra.
- b) Ten prohibido aumentar a velocidade ou efectuar manobras que impidan ou dificulten o adiantamento.
- c) Pode aumentar a velocidade para facer innecesario o adiantamento.
- d) Ten prohibido adiantar no mesmo tramo de vía ao vehículo que o adiantou.



18.- Está permitido adiantar ás bicicletas invadindo o carril destinado ao sentido contrario nun tramo de vía no que estea prohibido o adiantamento?:

- a) Non, por considerarse unha manobra antirreglamentaria.
- b) Só cando se trate dun único ciclista ou de varios que circulen en fila de a un.
- c) Si, pero previamente hai que comprobar que a manobra se pode realizar sen perigo.
- d) Si, en calquera caso.

19.- A circulación de animais por autoestradas e autovías:

- a) Permítese cando non exista vía alternativa.
- b) Permítese sempre que utilicen exclusivamente a beiravía.
- c) Permítese sempre que o fagan sinalizados por dispositivos reflectantes.
- d) Está rigorosamente prohibida.

20.- Segundo o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, en cal dos seguintes casos NON está prohibido parar?:

- a) Nas zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade.
- b) Nos pasos para peóns.
- c) Nas zonas sinalizadas para carga e descarga.
- d) Nas zonas destinadas para estacionamento e parada de uso exclusivo do transporte público urbano.

21.- En cal dos seguintes supostos o estacionamento se considera realizado en lugares perigosos ou que obstaculizan gravemente a circulación?:

- a) Cando se impida o xiro autorizado polo sinal correspondente.
- b) Cando teña lugar nunha zona reservada a carga e descarga, durante as horas de utilización.
- c) Cando se efectúe nunha parada de transporte público, sinalizada e delimitada.
- d) Todas as opcións anteriores son correctas.



22.- Segundo o texto refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Viaria, o réxime de parada e estacionamento en vías urbanas regularase por:

- a) Real Decreto-Lei.
- b) Ordenanza municipal.
- c) Lei autonómica.
- d) Lei orgánica.

23.- Con carácter xeral a circulación marcha atrás:

- a) Está rigorosamente prohibida, salvo para estacionar.
- b) Está rigorosamente prohibida, salvo en situacións de urxencia.
- c) Está prohibida, salvo nos casos en que non sexa posible marchar cara a adiante nin cambiar de dirección ou sentido de marcha, e nas manobras complementarias doutra que as esixa.
- d) Está permitida en todos os casos.

24.- En todas as estradas, como norma xeral, o adiantamento debe efectuarse:

- a) Pola esquerda do vehículo que se pretenda adiantar.
- b) Pola esquerda ou pola dereita do vehículo que se pretenda adiantar, indistintamente.
- c) Pola esquerda do vehículo que se pretenda adiantar, ou pola dereita adoptando as máximas precaucións.
- d) Pola dereita do vehículo que se pretenda adiantar, ou pola esquerda adoptando as máximas precaucións.

25.- Deberán utilizar en todo caso sistemas de retención infantil os menores de idade:

- a) De estatura igual ou inferior a 150 centímetros.
- b) De estatura igual ou inferior a 135 centímetros.
- c) De peso igual ou inferior a 40 quilogramos.
- d) De peso igual ou inferior a 20 quilogramos.



26.- Cales dos seguintes condutores poderán circular SEN utilizar o cinto de seguridade?:

- a) Os que efectúen a manobra de marcha atrás ou de estacionamento.
- b) Os que circulen por vías interurbanas a menos de 50 km/h.
- c) Os que circulen dentro do casco urbano.
- d) Non hai supostos en que se poida circular sen utilizar o cinto de seguridade.

27.- Os condutores de bicicletas estarán obrigados a utilizar cascos de protección homologados ou certificados segundo a lexislación vixente cando circulen:

- a) En vías urbanas.
- b) En vías interurbanas.
- c) En vías urbanas e interurbanas.
- d) En ningún caso, porque o uso do casco de protección en bicicletas é só unha recomendación.

28.- Dos seguintes tipos de sinais, cales teñen preferencia sobre os demais?:

- a) Os semáforos.
- b) As marcas viarias.
- c) Os sinais verticais de circulación.
- d) Os sinais e ordes dos axentes de circulación.

29.- Se un axente da autoridade responsable do tráfico levanta o brazo verticalmente:

- a) Terán que deterse todos os usuarios da vía que se acheguen ao axente, salvo os condutores que non poidan facelo en condicións de seguridade suficiente.
- b) Terán que reiniciar a marcha todos os usuarios da vía situados fronte ao axente.
- c) Terán que deter a marcha todos os usuarios da vía situados detrás do axente.
- d) Ese sinal dos axentes non está previsto regulamentariamente.



30.- Que nos indica un axente da autoridade responsable do tráfico se desde un vehículo estende o brazo cara abaixo inclinado e fixo?:

- a) Que reduzamos a velocidade.
- b) Que aumentemos a velocidade.
- c) Que reiniciemos a marcha.
- d) Que nos deteñamos no lado dereito.

31.- O usuario que ao chegar a un paso a nivel o atope coa barreira ou semibarrera en movemento:

- a) Debe extremar a prudencia e cruzar reducindo a velocidade.
- b) Debe cruzar sen demora, logo de comprobar que non existe risco de quedar inmovilizado dentro do paso.
- c) Debe deterse no carril correspondente ata que teña paso libre.
- d) Pode elixir entre cruzar ou deterse no carril correspondente ata que teña paso libre.

32.- Se por causa dun accidente ou avaría o vehículo ou a súa carga obstaculizasen a calzada, todo condutor deberá empregar os dispositivos de presinalización de perigo regulamentarios para advertir a devandita circunstancia. A que distancia se colocarán do vehículo ou a carga?:

- a) Como mínimo a 5 m.
- b) Como mínimo a 50 m.
- c) Como mínimo a 500 m.
- d) Á que estime prudente o propio condutor.

33.- No caso dos vehículos e transportes especiais, que separación mínima deberá manter un vehículo cos que lle preceden para o obxecto de facilitar o adiantamento aos de marcha máis rápida?:

- a) 5 m.
- b) 50 m.
- c) 500 m.
- d) A que estime prudente o propio condutor.



34.- Un sinal de detención obrigatoria ou Stop (R-2) considérase un sinal de:

- a) Prohibición de entrada.
- b) Restrición de paso.
- c) Perigo.
- d) Prioridade.

35.- Cales son os elementos do municipio?:

- a) O territorio, a poboación e a organización.
- b) O Alcalde, os Tenentes de Alcalde e o Pleno.
- c) O Concello, as competencias e os servizos municipais.
- d) O termo municipal e as entidades para a administración descentralizada de núcleos de poboación separados.

36.- Quen elixe aos concelleiros dos Concellos?:

- a) Os veciños directamente.
- b) O Alcalde.
- c) A Xunta de Goberno Local.
- d) A Asemblea lexislativa da Comunidade Autónoma.

37.- Salvo nos municipios que funcionan en réxime de concello aberto, quen aproba as ordenanzas municipais?:

- a) O Pleno do Concello.
- b) O Alcalde.
- c) A Xunta de Goberno Local.
- d) O Parlamento municipal.



38.- Cal dos seguintes trámites é obrigatorio antes da aprobación definitiva dunha ordenanza municipal?:

- a) Obter autorización da Dirección Xeral de Administración Local da Comunidade Autónoma.
- b) Obter autorización da Delegación do Goberno na Comunidade Autónoma.
- c) Obter dictame favorable do Consello de Estado ou do órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma.
- d) Someter o texto aprobado inicialmente a información pública e audiencia aos interesados.

39.- Cando se solicita unha licenza municipal e o Concello non notifica a resolución no prazo establecido, como regra xeral:

- a) A licenza adquirese por silencio administrativo.
- b) A licenza pódese entender denegada por silencio administrativo.
- c) procedemento caduca e hai que solicitar a licenza de novo.
- d) procedemento caduca e a licenza xa non se pode solicitar de novo.

40.- No caso do persoal dos Corpos de Policía Local de Galicia, embriagarse ou consumir drogas durante o servizo tipifícase como:

- a) Falta disciplinaria leve.
- b) Falta disciplinaria menos grave.
- c) Falta disciplinaria grave.
- d) Falta disciplinaria moi grave.

41.- A quen corresponde outorgar as autorizacións para a venda ambulante ou non sedentaria?:

- a) Á Administración xeral do Estado.
- b) Á Administración da Comunidade Autónoma.
- c) Á Deputación Provincial.
- d) Ao Concello.



42.- Non son responsables criminalmente consonte o Código Penal:

- a) Os menores de 21 anos.
- b) Os menores de 21 anos cando cometan delitos leves.
- c) Os menores de 18 anos.
- d) Todas as persoas son responsables criminalmente consonte o Código Penal.

43.- Executar un feito delituoso mediante prezo, recompensa ou promesa:

- a) É unha circunstancia atenuante da responsabilidade penal.
- b) É unha circunstancia agravante da responsabilidade penal.
- c) É unha circunstancia mixta que pode atenuar ou agravar a responsabilidade penal.
- d) Non se contempla no Código Penal como circunstancia modificativa da responsabilidade penal.

44.- Conducir un vehículo de motor nos casos de perda de vixencia do permiso por perda total dos puntos asignados legalmente:

- a) Será castigado segundo o Código Penal.
- b) Só será castigado penalmente cando o condutor supere a taxa máxima de alcoholemia.
- c) Só pode ser delito se o condutor se nega a someterse á proba de alcoholemia.
- d) Constitúe infracción administrativa pero nunca delito.

45.- Cal das seguintes NON é unha das funcións dos Corpos de Policía Local?:

- a) Instruír atestados por accidentes de circulación no ámbito da súa competencia dentro do solo urbano legalmente delimitado.
- b) Policía administrativa, no relativo ás ordenanzas, bandos e demais disposicións municipais dentro do ámbito da súa competencia.
- c) Participar nas funcións da Policía xudicial, na forma establecida na normativa vixente.
- d) Control de armas e explosivos.



46.- Cal das seguintes é unha das funcións dos Corpos de Policía Local?:

- a) A vixilancia do tráfico, tránsito e transporte nas vías públicas interurbanas.
- b) Instruír atestados por accidentes de circulación dentro do casco urbano.
- c) A expedición do documento nacional de identidade e dos pasaportes.
- d) O control de entrada e saída do territorio nacional de españois e estranxeiros.

47.- En que municipios galegos con corpo de Policía Local se pode contratar persoal con funcións de auxiliar de policía local?:

- a) En todos, sempre que así o autorice a Consellería competente en materia de seguridade.
- b) En todos, sempre que así o acorde o Pleno do Concello.
- c) Naqueles con aumento notorio de poboación en tempadas determinadas.
- d) Naqueles con altos índices de delincuencia.

48.- Cales son as funcións do persoal auxiliar de policía local en Galicia?:

- a) As mesmas dos membros do respectivo corpo de Policía Local.
- b) De apoio e de auxilio aos membros do respectivo corpo de Policía Local.
- c) Ordenar, sinalizar e dirixir o tráfico no casco urbano.
- d) As que determine o Pleno do Concello.

49.- Cal é o prazo máximo de tempo polo que se pode contratar ao persoal auxiliar de policía local en Galicia?:

- a) Catro meses en período anual en todo caso.
- b) Seis meses en período anual en todo caso.
- c) Catro meses en período anual, salvo que a Consellería competente autorice excepcionalmente un prazo superior, que non poderá exceder de seis meses dentro do ano natural.
- d) Dez meses en período anual, en todo caso.



50.- Para o desempeño das súas funcións, o persoal auxiliar de policía local en Galicia:

- a) Deberá vestir o uniforme correspondente ao corpo de Policía Local en que preste temporalmente os seus servizos, adecuado á súa condición.
- b) Poderá vestir o uniforme correspondente ao corpo de Policía Local en que preste temporalmente os seus servizos ou ir vestido de paisano, segundo determine o concello.
- c) Irá vestido de paisano, pero co distintivo e o documento de acreditación correspondentes á súa condición.
- d) Levará o armamento regulamentario que se lle asigne.